

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

A perda de falantes en galego podería estar a tocar fondo, segundo cre o CCG

Se ben é certo que a lingua galega segue a perder falantes, esta tendencia podería estar empezando a cambiar xa, segundo o Consello da Cultura de Galicia (CCG), que aínda coas debidas reservas, considera que os datos son esperanzadores.

Esta é unha das principais conclusións do Consello no informe *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-1993)*, elaborado a partir dunha enquisa do Instituto Galego de Estatística (IGE) sobre a situación das familias galegas en 2003 e do Mapa Sociolingüístico de Galicia-1992.

Por primeira vez, segundo o secretario do CCG e coordinador de dito informe, Henrique Monteagudo, aparecen dinámicas de recuperación da lingua, o que non deixa de ser algo histórico.

É a primeira vez que o número de galegofalantes monolingüe non só non perde usuarios, senón que mesmo recupera algúns, aínda que moi levemente.

Non obstante, esta evolución hai que vela nun contexto xeral no que tamén aumenta o número de castelánfalantes monolingües e, como norma, o uso do galego decrece.


Ademais da importancia do dato en si, esta evolución afirma Henrique Monteagudo que significa tamén que hai unha perda de complexos da xente que fala galego e a existencia de galegofalantes máis competentes –no sentido de que son falantes, lectores e escribentes–.

“O uso da lingua escrita provoca un cambio moi grande na conciencia lingüística da xente”, asegura o tamén coordinador da Sección de Lingua Galega do CCG, e esta é unha situación que se entende que está detrás destes novos factores en positivo.

UN FALANTE NOVO

Pódese dicir, por tanto, que está a emerxer un falante novo, que tamén é lector e escribente en galego, con presenza no medio urbano e semiurbano e que é máis monolingüe e séntese menos obrigado a ceder cara ó uso do castelán. Non obstante, o groso dos galegos é competente para ler e escribir en castelán, polo que cando se fala de monolingüismo hai que entender que se refire á “lingua usual falada”, matiza o secretario do CCG.

En opinión de Monteagudo, nos últimos tempos deuse un proceso de descomplexización do



Henrique Monteagudo, secretario do Consello da Cultura Galega e coordinador do informe

galegofalante, que antes tendía a culpabilizarse por falar mal o castelán, a pensar que falaba un galego chapurreado e a entender que, dalgunha maneira, a súa expresión lingüística era deficiente.

Este tipo de usuario da lingua que acudía ao castelán porque pensaba que falar en galego era unha especie de estigma, desapareceu en boa medida e hoxe o galegofalante, sobre todo o de trinta ou corenta anos, perdeu complexos e séntese máis orgulloso de falar o seu idioma. “Dalgunha maneira, estase a compensar en calidade o que se está perder en cantidade”, matiza.

Hai galegofalantes hoxe que son máis competentes, porque tamén len e escriben en galego

TENDENCIA PERIGOSA

Pero cómpre non baixar a garda. Mentres que o galego segue a ser a lingua máis falada na autonomía, nos grupos de poboación máis novos –de 35 anos para abaixo– o galego xa non é a maioritaria. Paralelamente, noutros estudos confirmouse que a xente, tendencialmente, fala máis galego canto máis maior é. Posiblemente, iso sexa así porque para estes últimos o galego foi a súa lingua da infancia, mentres que para unha parte significativa das novas xeracións o galego é o da madurez ou o da senescencia.

De supoñer que a tendencia dos últimos anos non vai variar, nun prazo de trinta anos o galego sería xa, en opinión de Monteagudo, a lingua minoritaria que é hoxe o castelán.

O EXEMPLO DA ADMINISTRACIÓN

Un dos factores que primeiro se debería ter en conta para contribuír ao impulso do galego é o seu uso na Administración. Neste sentido, Henrique Monteagudo considera que non hai escusa razoable para explicar ou xustificar que na actualidade, no conxunto das Administracións galegas, a lingua de uso normal no traballo e no contacto co público non sexa o galego.

De todas maneiras, considera o secretario do CCG que a interferencia neste caso no proceso normalizador é relativamente menor, xa que as Administracións que están máis galeguizadas, polo menos no contacto co público, son os concellos. Pero tamén é certo que a resistencia é nestes casos máis visible e incluso “feroz”, como sucede no caso da Coruña, que pese a ser “importante e grave, non deixa de ser un caso anecdótico”, di Monteagudo.

LINGUA, TEMA PRIORITARIO

O secretario do CCG considera tamén que hai que eliminar certas dinámicas belixerantes en torno ao proceso de normalización lingüística, centrarse en sumar esforzos e que os socios de Goberno do bipartito aclaren cales son os termos dos seus acordos sobre a lingua para desfacer posibles malentendidos.

Na súa opinión, deberían poñerse de acordo tamén en que a lingua ten que ser un tema social, política e culturalmente de primeira importancia, e ten que ser unha das prioridades do Goberno. Desde esa perspectiva, entende que as organizacións cívicas poderían entrar máis facilmente en dinámicas de colaboración positivas e non só de denuncia, algo que non é bo para o galego.

Defende como “evidente e moi pouco discutible” que no novo Estatuto se ten que figurar o deber do coñecemento do galego, pero advirte que con tal recoñecemento non se trata de impoñer, senón de equiparar, situando o galego e o castelán en posición de igualdade.

Neste sentido, di que se existe o deber de coñecer o castelán na Constitución, por lóxica igualitaria, o Estatuto ten que recoller o deber de coñecer o galego.



CONCELLO DE OZA DOS RÍOS

17 de maio, Día das Letras Galegas dedicado a
Manuel Lugrís Freire

O Concello saúda a tódolos galegos que falan a súa propia lingua